

1. Recursos literarios

Os **recursos literarios** –tamén denominados recursos estilísticos ou retóricos– son artificios que se empregan tanto en textos literarios como non literarios para modificar o significado literal da mensaxe.

Os recursos literarios poden clasificarse en fónicos, morfosintácticos e semánticos, segundo o plano de lingua en que incidiren.

1.1. RECURSOS FÓNICOS

Aliteración: repetición intencional de un ou de varios sons a fin de transmitir unha sensación ou recrear un elemento central do texto.

Porque os camiños do mundo xa non son nosos;
porque no pórtico do Templo oula o lobo;
porque na Terra sen terra do mundo somos solos.

Arcadio López Casanova

- **Onomatopea:** utilización de palabras que imitan son reais producidos por animais ou obxectos.

Cacaracá,
ponte na póla;
quiquiriquí
xa estou aquí.

Cantar popular

- **Paronomasia:** emprego de dous vocábulos con significados diferentes mais fonicamente iguais ou similares.

Por ter lido
que os da NASA
iban a subir á lúa,
perguntoulle a Pepe Rúa
a súa filla Nicolasa:
—E logo eses papiolos
que irán na lúa facer?
—Sendo os da NASA, muller,
iranche a pescar centolos.

Xosé María Álvarez Blázquez

1.2. RECURSOS MORFOSINTÁCTICOS

Anadiplose: recuperación da palabra ou do grupo de palabras con que finaliza un verso no inicio do verso seguinte para estruturar o texto e destacar os

elementos repetidos. Cando se produce ao longo de todo un texto recibe o nome de **concatenación**.

Dos toxales as tenuas froliñas,
que sorríen, a medo, entr'espiñas.

Entr'e espiñas que o ceio agasalla
con diamánte-las noites qu'orballa.

Antonio Noriega Varela

- **Anáfora:** repetición de un ou máis termos ao principio dos versos ou dos enunciados co obxectivo de resaltar unha idea e proporcionar ritmo.

Nasin cand'as prantas nasen,
nô mes das froles nasin,
nunh'alborada mainiña,
nunh'alborada d'abril.

Rosalía de Castro

- **Epífora:** repetición de unha ou máis palabras ao final dos versos ou dos enunciados a fin de destacar unha idea e de potenciar o ritmo.

Quero subir ás barbas do xigante, confeso que
estou tola,
e dicirlle na orella algún segredo, confeso que
estou tola.
Quero coller o touro polo alento, confeso que
estou tola.
e levalo a unha feira nas galaxias, confeso que
estou tola.

Marica Campo

- **Asíndeto:** supresión de nexos que proporciona un ritmo rápido.

As portas,
as cadeas,
o aire,
as fenestras,
as olladas,
son de pedra.

Celso Emilio Ferreiro

- **Polisíndeto:** inserción de nexos onde non son necesarios para crear un ritmo ralentizado.

Como, e bebo, e durmo, e folgo,
e beilo e brinco coas mozas;
non pode naide decirme
que se me acán poucas cousas.

Manuel Leiras Pulpeiro

- **Derivación:** utilización de palabras coa mesma raíz. Alén de destacar algúns vocábulos en particular, dota de ritmo o texto.

O que amo é o amor
a mesma idea do amor
o feito mesmo de amar
as palabras coas que amo.
Amo a miña conciencia de amar.
Ámome.

María Xosé Queizán

- **Enumeración:** acumulación de termos pertencentes a unha mesma categoría gramatical para conferir ritmo ao texto.

Canta en min o labrego cavador,
o emigrante e poeta,
o mariñeiro,
o home que amasa o pan e moxe o leite.

Antón Avilés de Taramancos

- **Epíteto:** adxectivo que resalta unha calidade propia e evidente dun substantivo e, por tanto, non achega información nova.

O ar semellaba unha camelia branca
que se tornase en chuvia en sombra en pura ausencia.
Sombras escuras.

Luz Pozo Garza

- **Hipérbato:** alteración da orde sintáctica habitual a fin de focar o elemento fóra de lugar.

Do mar pola orela
olleina pasar
na fronte unha estrela
no bico un cantar.

Manuel Curros Enríquez

- **Paralelismo:** repetición de enunciados coa mesma estrutura sintáctica que busca mellorar o ritmo do texto e destacar os elementos reiterados.

Gracias aos que non escriben
aos que arden corren transitan
á atlántida por non existir
ao vermello por vermellar
ao intre por transcorrer.

Estíbaliz Espinosa

- **Quiasmo:** cruzamento de elementos mediante a inversión da orde sintáctica.

Daqueles puntos
que fan agora
de afora adentro
de adentro afora.

Rosalía de Castro

1.3. RECURSOS SEMÁNTICOS

- **Antítese:** presentación de ideas contrarias ou que se negan unha á outra.

Invoca a luz dende esta dura tebra
invoca o pan e a pomba,
invoca a singladura.

Celso Emilio Ferreiro

- **Hipérbole:** exaxeración de accións ou de calidades.

Enchéronnos o vaso
con toda a auga do Mar
pra compor un cock-tail de horizontes.

Manuel Antonio

- **Comparación:** posta en relación de dous ou máis elementos que presentan algunha semellanza.

Sagrario deambulaba pola casa como unha pantasma, entraba na cociña cando xa todos remataran o almorzo, o xantar ou a cea, e tomaba asento nun currunchito.

An Alfaya

- **Metáfora:** identificación de dous elementos entre os cales pode existir unha relación baseada na semellanza (metáfora impura) ou na imaxinación (metáfora pura).

Debido a unha intensa emoción, dúas papoulas florecéronlle nas pálidas meixelas.

Chelo Suárez

- **Metonimia:** substitución dunha palabra por outra coa cal garda unha relación: causa polo efecto, parte polo todo, continente polo contido, instrumento por quen o utiliza, lugar polo produto etc.

Duarte bebe media botella dun sorbo e vai cara ás escaleiras, recolle o seu amigo e, cando van volver, ve a Nena.

Adelaida Vidal

Apéndice literario

- **Paradoxo:** unión de ideas aparentemente incompatíbeis.

Eu, silencio habitado de clamores, vou inundar de cor, de sabor a froitas, os pensamentos sombríos

Chelo Suárez

- **Personificación:** atribución de calidades humanas a animais, obxectos etc.

Hai un suspiro de frío e de vento,
hai un difuso tremor de paixón,
o mar calado recolle o alento
i esmaga os pulos do seu corazón.

Gonzalo López Abente

- **Sinestesia:** asociación de sensacións perceptíbeis a través de sentidos diferentes.

Eu... eu non quería terte asustado –dille con voz de azucre, ao tempo que a enche de bicos.

Fina Casalderrey

2. Métrica

2.1. ESTROFAS

- **Pareado:** dous versos de arte menor ou maior que riman entre si.

Coa miña zanfona crucei moitas terras,
cantei dos amores ás paces e ás guerras.

Avelino Gómez Ledo

- **Terceto:** tres versos de arte maior que aparecen a miúdo encadeando as súas rimas (ABA, BCB, CDC...).

Vivir, vivir. Cantar sen patria. Dura orfandade do corpo. E ser. E terra soñar. Vivir, vivir. Amar a vida.

Arcadio López Casanova

- **Tercetiño:** tres versos de arte menor e, polo xeral, rima consonante.

Está cativa a roseira,
mais, despois de tanto inverno...
Galicia ha ter primavera.

Ramón Cabanillas

- **Cuarteto:** catro versos de arte maior que riman segundo este esquema ABBA.

Choraría por ti se aínda tivera
duras bágoas de luz pra abrir en pranto;
mais ermo o corazón está hai xa tanto
que nin o abalo seu dóeme siquera.

Arcadio López Casanova

- **Serventesio:** catro versos de arte maior e rima consonante ABAB.

Raiola de luar que bica o río,
flor mareliña que entre espiñas chora,
ou das redes da araña un tenue fío,
toda humilde beleza me namora

Antonio Noriega Varela

- **Cuarteta:** catro versos de arte menor que riman abab.

A un batido, outro batido;
a unha dor, outro dolor;
tras dun olvido, outro olvido;
tras dun amor, outro amor.

Rosalía de Castro

- **Redondilla:** catro versos de arte menor con rima abrazada abba.

Teño un mal que non ten cura,
un mal que naceu comigo,
e ese mal tan inimigo
levarame á sepultura.

Rosalía de Castro

- **Copla:** catro versos octosílabos con rima asonante -a-a.

Este vaise e aquel vaise,
e todos, todos se van;
Galicia, sen homes quedas
que te poidan traballar.

Rosalía de Castro

- **Quinteto:** cinco versos de arte maior e de rima consonante que carecen dun esquema de rima fixo.

Serán famosas vilas as que hoxe ves aldeas...
A Cruña, Ferrol, Muros e Vigo encantador,
da orela do teu manto magníficas preseas,
serán máis visitados de embarcacións alleas
do que hoxe son Lisboa, Marsella e Nova York.

Francisco Añón

- **Lira:** cinco versos hendecasilabos e heptasílabos con rima consonante e esquema de rima aBabB.

Ouh sol! Ti que atesouras
A lus que esparxe a brétema sombría;
Ti, qu'os outeiros douras
E inundas de harmonía
O ceo, a terra, o mar, a tarde, o día.

Manuel Curros Enríquez

- **Copla de pé quebrado:** seis versos octosílabos e tetrasílabos combinados. Cada dous octosílabos aparece un tetrasílabo.

Penso en ti. Ábrense as portas
do pasado, surxen mortas
alegrías.
E o recordo, craro espello,
retrata do tempo vello
doces días.

Ramón Cabanillas

2.2. POEMAS

- **Soneto:** conxunto de catorce versos hendecasilabos que se dividen en dous cuartetos e dous tercetos. Hai relación entre as estrofas e o contido do poema, xa que os dous cuartetos se utilizan para expor o tema principal mentres que os tercetos (en especial o último) conteñen a conclusión.

Miráchesme, miréiche, nos miramos;
Sorríchesme, sorrínme, os dous sorrímos;
N'os nosos ollos nosa imaxen vimos:
Ti n'os meus, eu n'os teus nos retratamos,

Desde entonces d'amor nos abrazamos;
Un mesmo gusto ou pena os dous sentimos,
E anque a paraxes diferentes imos,
Decote n'o camiño tropezamos.

Xa que d'o corazón libres dispomos,
Ós páxaros d'os bosques imitemos,
Que os niños fan entre ramaxe e gomos;

Nosa doce ventura apasuremos,
Que a vida é curta e responsables somos
D'o tempo tan precioso que perdemos.

Francisco Añón

- **Muiñeira:** composición formada por versos de muiñeira ou de gaita galega que, debido a que imita o compás do baile, carece de estrutura fixa. Ten un ritmo moi marcado, pois o acento aparece marcado en lugares fixos do verso en función da súa extensión.

Cantarte hei, Galicia,
teus doces cantares,
que así mo pediron
na beira do mare.
Cantarte hei, Galicia,
na lingua galega,
consolo dos males,
alivio das penas.

Rosalía de Castro

- **Romance:** serie ilimitada de versos octosílabos e rima asonante que sempre segue o esquema -a-a-a-a-a-a-a...

Adios ríos, adios fontes,
adios regatos pequenos,
adios vista dos meus ollos
non sei cando nos veremos.
Miña terra, miña terra,
terra donde m' eu criei,
ortiña que quero tanto,
figueiriñas que prantei.

Rosalía de Castro

- **Silva:** grupo ilimitado de versos hendecasilabos e heptasílabos con rima consonante e con esquema de rima libre.

Ermos os seus saídos,
Os cancelos pechados,
Fundidos teitos, escaleiras, trabes,
Sen tellas o tellado,
Non paso un día po-los seus lindeiros
Sen pararme ante a casa d'o fidalgo.

Manuel Curros Enríquez

- **De verso libre:**

O único recorte posible neste punto
é un re-
corte de mangas.

María Reimóndez